

AQUÍ ESTAMOS: TRES MULLERES, TRES HISTORIAS, TRES VIDAS

Lucía Asué Mbomío Rubio

InteRed 
por unha educación transformadora

Co apoio financeiro de:



ilustracións de Elizabeth Montero Santa

AQUÍ ESTAMOS: TRES MULLERES, TRES HISTORIAS, TRES VIDAS



CRÉDITOS:

Título: "AQUÍ ESTAMOS: TRES MULLERES, TRES HISTORIAS, TRES VIDAS"

Autora: Lucía Asué Mbomío Rubio.

Ilustradora: Elizabeth Montero Santa.

Diseño e maquetación: Mauricio Maggiorini.

Coordinación editorial: Idoia Landaluce, Carolina Naranjo

Área de Programas de InteRed.

Data: xullo de 2023.

Código ISBN: 978-84-121198-6-2.



Ola!

Ti!, si, ti! Falo contigo.

E quero que me respondas a unha pregunta: cando me miras, que ves?, que é o que che pasa pola cabeza?, a que cres que me dedico? que cousas pensas que me presta facer?, de onde cres que son ou onde pensas que vivo?

Responde aquí abaixo, mais de verdade, non porque isto sexa un exercicio do insti...

Chámome Paola e, para moita xente, son un ninot. Sabes o que é un ninot? Trátase do típico boneco das fallas que está feito con polietileno expandido, é dicir, cortiza branca. Pode ter forma humana, aínda que caricaturizada, deformada e esaxerada, pero quizais o que todos comparten é que están baleiros por dentro.

E isto é o que lles pasa a moitas persoas que migran e escollen o Estado español como casa. Hai quen só ve esa caricaturización e pensa que, en efecto, no noso interior non hai nada. Coma se carecésemos de nome, historia propia, coñecementos, sentimentos, familia e seres queridos ou lembranzas. Coma se todas e todos fósemos iguais por estaren feitos do mesmo material e só mudase un pouco o noso aspecto exterior.

Porén, non é así; por iso, por min e polas miñas compañeiras migrantes, vouvos contar a historia de varias mulleres maravillosas. Comprobaredes que son absolutos referentes de abnegación, de superación e de transformación da súa contorna malia que, por desgraza, para unha parte da sociedade sexan só ninots.

Comezarei por NICOLE

Nicole Ndongala naceu no corazón do continente africano, xusto a carón de Mai-Ndombe, un lago enorme situado na República Democrática do Congo. Alí, as paisaxes teñen todos os verdes do mundo e a auga non falta nunca. De feito, de nena, Nicole era case como unha serea. Pasaba o día metida no lago, cantando ou xogando á súa beira, e gozaba da natureza xenerosa da súa contorna canda outras crianzas.

Na súa adolescencia, foi á capital do seu país, Kinshasa, para diplomarse en xestión financeira. Fixera as prácticas e entrou na facultade para continuar os seus estudos e poder licenciarse. Emporiso, torcéronse as cousas e, en 1997, comezou unha guerra civil, así que a universidade pechou.

Esta es Nicole
en la actualidad

Para falar de conflitos é fundamental explicar a importancia do Congo en termos de recursos. O seu subsolo ten unha chea de minerais; tanto é así que o 80 % das reservas de coltán, un mineral sen o que non poderíamos ter teléfonos móbiles, están aí. Con todo, antes da febre do coltán, tan requirido nas últimas décadas, foron o uranio (co que se fixo a bomba de Hiroshima, por exemplo), o caucho (cuxo uso supuxo un avance enorme na industria automobilística) ou o marfil.



O caso é que esa riqueza suscitou o interese de medio planeta e iso provocou que o país se convertese en escenario habitual de disputas entre grandes potencias internacionais, empresas multinacionais e políticos locais para ver quen se pode apropiar dela. Porén, os medios de comunicación non sempre informan acerca do que está a suceder. Hai algunhas guerras que quedan ocultas e cando as persoas prexudicadas por elas tratan de chegar a Europa para salvar as súas vidas, descoñecemos os seus porques e os contextos dos que escapan.

Ningún espazo semellaba seguro, as detencións arbitrarias por parte da policía eran algo común e a violencia na rúa tamén, de xeito que seu pai e súa nai, con moita dor, animárona a abandonar a súa terra. Nicole podía optar por marchar a algún dos países limítrofes africanos, emporiso, ningún era un remanso de paz. No veciño Congo estábanse a librar auténticas batallas entre os fieis ao presidente anterior, Sassou Nguesso, e o vixente, Pascal Lissouba. Angola, pola súa banda, estivo inmersa nunha longuíssima guerra civil até 2002. Por iso, o seu destino inicial foi Bruxelas.

Por que Bruxelas?

Polos lazos históricos que existen entre os dous países e debido a que, precisamente por iso, unha das linguas oficiais en ambas as nacións é o francés.

Desde 1885 até 1960, o territorio que hoxe comprende a República Democrática do Congo foi, dun modo ou doutro, territorio belga. Primeiro como propiedade exclusiva do rei Leopoldo, quen, para poder enriquecerse co caucho e o marfil da zona, instaurou un réxime de semiescravidude. Desde 1908, cando o monarca faleceu, pasou a ser unha colonia de Bélxica. Así até que a nación africana se independizou.

Así ata que a nación africana se independizou.



Antes do conflito bélico, por suposto, Nicole tiña as típicas expectativas a respecto de Europa. Imaxinaba que todo o mundo vivía ben e que era o berce do coñecemento e un garante indiscutible dos dereitos humanos. Emporiso, cando fuxiu nin sequera pensou niso; simplemente, precisaba saír, obter refuxio e estar a salvo. Logrouno grazas a que seu irmán, que estudaba en Bruxelas, lle conseguiu un visado falso que lle permitiu viaxar. Sen el, resultaríalle imposible escapar da guerra.



Con todo, os seus primeiros días na capital belga non foron doados en absoluto. Descubriu que a violencia se expresa de moitas formas. Aos días de chegar, presenciou un procedemento de expulsión a persoas en situación administrativa irregular que acabou en desgraza. Unha muller centroafricana opúxose á súa deportación e acabou asfixiada polas forzas de seguridade do Estado. Este feito traumatizouna tanto que o comentou cunha veciña do lugar no que se estaba a aloxar. A muller aseguroulle que en España era impensable que algo así sucedese, razón pola que Nicole mercou un billete de autobús rumbo a Madrid.

Ningún ser humano é ilegal, de aí que sexa preferible usar expresións como «persoa en situación administrativa irregular» que «sen papeis» ou «ilegal», que son profundamente deshumanizantes.




Esta deshumanización non é nova en absoluto. O certo é que vén de moi atrás. Tanto que quizais vos vai sorprenden...



Cando no séc. XVI comezou a escravitude transatlántica, houbo que buscar algunha escusa para facer dixerible algo que non o era de ningún modo. Primeiro, arrebatouse a terra ás e aos poboadores orixinarios de Abya Yala, expresión que se utiliza no canto de «América», por ser esta unha palabra imposta por países colonizadores e hai consenso no seu uso por parte de moita xente. Nace do pobo indíxena kuna, orixinario do que hoxe son Panamá e Colombia, e significa «terra en plenitude», «terra de vida» ou «terra madura». Tamén podería traducirse como «terra de sangue», xa que, na súa lingua, «ablys» é sangue. Esta última acepción estaría vinculada á masacre das persoas que faleceron en combate pola defensa do seu territorio, pola escravitude ou ao se contaxiar das enfermidades que levaron os europeos.

Co paso dos anos e perante o decimado da poboación local, procurouse unha alternativa: escravizáronse persoas africanas. O proceso para estas últimas foi terrible: secuestráronas e arrebatáronlles o seu nome, cultura e idioma. Por se iso non abundase, leváronas pola forza a milleiros de quilómetros do seu fogar e foron obrigadas a traballar de forma gratuíta para engrosar as arcas de persoas que afirmaban ser as súas donas por teren títulos de propiedade que así o acreditaban. Así que, nunha época na que a relixión tiña moitísimo peso, argumentouse que había xente con alma (as persoas brancas) e xente sen ela (os africanos negros). A alma, é dicir, a dimensión espiritual, era o que dotaba ou non de humanidade, de xeito que non tela implicaba non ser humano.



A medida que foron transcorrendo os séculos, a relixión cedeu protagonismo á ciencia e isto podería significar un cambio para as persoas negras, mais... non foi así. O racismo científico recolleu o testemuño desa deshumanización e, baseándose en medicións craniais e de xenitais, apelou a novas diferenzas: había unha raza, a branca, que era a do pensamento, a creación e a razón, e outra, a negra, que era a da forza bruta e os baixos instintos irrefreables. Contrapúxose o cerebro ao músculo, entendeuse que unha raza era pura intelixencia e a outra só digna de ser man de obra. Unha a que mandaba e outra a que obedecía.

Lo de siempre... Que mientras una mandaba la otra obedecía.



Para comprender isto, cómpre partir da base de que a raza, desde un punto de vista biolóxico non existe. No é máis cá expresión visible da adaptación de grupos humanos á súa contorna. Así as cousas, as persoas orixinarias de contextos nos que fai máis sol, por lóxica, teñen a pel máis escura para se protexer dos efectos nocivos dos raios UVA. E nada máis. Todo o resto, asumir que van bailar mellor, que van correr máis ou que van ter máis ou menos intelixencia son conxecturas absurdas que beben dese racismo científico que se expresa adaptado aos nosos tempos. Como? Os medios de comunicación, o cinema e os diferentes sistemas de representación seguen a arrebatarse a humanidade completa ás persoas negras, africanas e afrodescendentes. Fano a través de imaxes como as das pateiras ou os saltos do cerrado nas que nunca saen individuos con nome, historia, país e motivo que os levou a migrar. O que nos amosan son cabezas con rostro difuso amoreadas en barcazas ou mans que se afunden no mar, despois de minutos agónicos tratando de flotar, xamais a súa voz.

E despois están as palabras. As que se din e as que non se din. Un exemplo disto sería o feito de que no 80 % das novas sobre inmigración non se conta con persoas migrantes como fonte de información e no 50 % nin sequera se utiliza a palabra persoa para referirse a elas.



Iso, inevitablemente, xera certa distancia.

Por outra banda, cando se trata de persoas negras, africanas e afrodescendentes, a invisibilidade nos medios é terrible. Só se rompe coa lóxica da excepción (a primeira que ou a única que...), que contribúe a que pensemos que hai comunidades homoxéneas nas que todos os individuos que a compoñen son idénticos e responden a un patrón. A outra fenda prodúcea a narrativa da dor, aquela pola que vemos persoas negras sempre en contexto de guerra, sufrimento e sen recursos. O risco de que só nos amosen esa visión é que en Occidente podemos acabar normalizando algo que non é normal. Así é como terminamos por restarlle importancia ás guerras, os atentados ou os accidentes que suceden nunha parte do mundo que, con independencia da distancia que nos separe, non teríamos que considerar tan afastada.

E preguntáredesvos por que se fai todo isto se xa non estamos no séc. XVI e se no XIX rematou a escravitude transatlántica? Pois porque o Estreito de Xibraltar é a fronteira natural entre Europa Occidental e África. Deshumanizar a quen vén a través do mar converte en máis «soportable» para a sociedade occidental o feito de que o Mediterráneo e parte do Atlántico se convertesen nunha tumba para a morea de persoas africanas que perderon a vida tratando de vir. E, por outra banda, resulta útil para poder explotar laboralmente e sen remordementos ás que si son quen de chegar. Proba disto é a situación das e dos xornaleiros que traballan no sur da península Ibérica, no que chaman «a horta de Europa». É un lugar tan fértil como feroz para quen pasa horas e horas baixo un plástico e a temperaturas altísimas para que comamos amorodos durante case todo o ano.

Sen embargo, volvamos con Nicole. Ao non falar español e carecer de redes de apoio, amizades ou familiares que lle puidesen botar unha man, a súa primeira parada foi unha igrexa. Pensou que alí poderían axudala ou orientala dalgún xeito, e non errou: a empregada da limpeza do templo suxeríulle que fose a unha asociación que traballaba con poboación africana. Tratábase de Karibu, unha organización que leva tres décadas realizando labores de acollida, servizo médico, visitas aos centros de internamento de estranxeiros, asesoramento xurídico, orientación laboral ou actividades formativas, entre outras cosas.

Karibu significa «benvido» en suahili, a lingua africana máis falada no mundo. Arredor de 200 millóns de persoas poden expresarse neste idioma, o que a converte nun dos 10 máis falados do planeta.



Nicole viviu dous anos nun dos albergues de Karibu. Iso permitiulle relacionarse con outras mulleres de diferentes partes do continente africano, descubrir as súas realidades e aprender coas súas vivencias e coñecementos, mais tamén desenvolver un compromiso cara a todas as persoas en situación de vulnerabilidade. Como consecuencia do anterior, axiña comezou a acompañar ás recén chegadas, despois fixo as veces de intérprete, máis tarde de mediadora cultural, foi tamén técnica de acollida e a creadora e coordinadora do Centro de Formación e Promoción da Muller.

Esta iniciativa xurdiu pola necesidade de crear espazos seguros femininos de conversa, desafogo e curación.

Porén, para que esa progresión laboral se puidese dar, Nicole tivo que regularizar a súa situación en España e non foi nada doado logralo. Cando escapou do Congo era nova e estaba inmersa nunha situación de emerxencia tal que nin sequera pensou que tivese que solicitar algún tipo de permiso para fuxir e viaxar; simplemente, marchou. As circunstancias apremaban e a súa vida corría perigo. Xa como usuaria dos servizos de Karibu, unha avogada especializada en estranxeiría comentoulle, tras escoitar a súa historia, que sería conveniente que solicitase asilo, xa que o seu país estaba en guerra, a inestabilidade política era unha constante e ela fora vítima de persecución. Na súa opinión, o anterior era máis ca abondo para que llo desen.

En palabras de Amnistía Internacional, unha persoa solicitante de asilo é alguén que saíu do seu país e busca noutro protección fronte á persecución e as violacións graves de dereitos humanos, pero que aínda non foi recoñecida legalmente como refuxiada, xa que está á espera de que se tome unha decisión sobre a súa solicitude de asilo.

Segundo o artigo 1.A.2. da Convención de Xenebra sobre o Estatuto de refuxiados de 1951, un refuxiado é unha persoa que «debido a fundados temores de ser perseguida por motivos de raza, relixión, nacionalidade, pertenza a determinado grupo social ou opinións políticas, está fóra do país da súa nacionalidade e non pode ou, por mor destes temores, non se quere acoller á protección dese país; ou que, carecendo de nacionalidade e atopándose, a consecuencia de semellantes acontecementos, fóra do país onde antes tiña a súa residencia habitual, non poida ou, por mor destes temores, non queira regresar a el».

En España, as peticións de asilo tardan unha media de 17 meses en seren respondidas. Coa excepción das e os cidadáns de Ucraína, que obteñen asilo en 24 horas grazas a un sistema de acollida expreso.


A Nicole todo lle pareceu ben até que a letrada lle explicou que debía ir a unha oficina pública, xa que deduciu que aí habería policías na porta. Debido ás súas vivencias en Congo e en Bruxelas, os corpos de seguridade do Estado dábanlle pánico. Durante meses, profesionais de Karibu tiveron que traballar con ela para que se lle quitase o medo e coa fin de que entendese que era a única opción viable para obter documentos que regularizasen a súa situación. Así as cousas, pediron unha primeira cita na oficina de asilo e, cando chegou o momento de acudir, bloqueouse por completo ao ver os policías situados no acceso ao edificio. Díxolle á voluntaria que a acompañaba que non quería entrar e tiveron que marchar. O que viu a continuación foron novas sesións traballando nos seus traumas do pasado co obxectivo de que, finalmente, puidese asistir a unha nova cita e todo discorrese con normalidade. E así foi. Foi quen de vencer os seus temores e solicitar asilo.



Entre tanto e á espera de que se resolvese positivamente o trámite, recibiu unha tarxeta amarela cuxa única utilidade era poder amosarlle á policía no caso de que algún día a parase para pedirlle papeis. No era equiparable a un permiso de residencia nin moito menos a un de traballo, polo que non podía xerar ingresos nin enviar cartos á súa familia no Congo. Iso provocáballe unha gran frustración, dado que era consciente do ben que lles viría unha axuda económica.

Algo máis dun ano despois de solicitar o asilo, chegou por fin unha carta na que lle comunicaron que llo denegaran. Na misiva non había ningunha explicación, aínda que Nicole sospeita que se debeu a que a instrutora que a entrevistou tiña dúbidas acerca da súa nacionalidade. Para verificar que era congoleesa e que non estaba a utilizar un conflito que lle resultaba alleo co fin de conseguir papeis, fíxolle preguntas sobre os volcáns de Nirangongo, que están na zona de Goma. Nicole non soubo responder ben por mor de que están moi lonxe de onde ela residía, Kinshasa.

A República Democrática do Congo ten preto de 96 millóns de habitantes pertencentes a arredor de 200 grupos étnicos. Trátase dun país enorme. Entre Goma e Kinshasa, por exemplo, hai 2657 quilómetros.



Per exemple...
Entre Goma
i Kinshasa, hi ha
2657 quilòmetres.




A avogada suxeriulle recorrer. Nunha época na que aínda non había Whatsapp nin Internet no teléfono, comunicarse, e máis aínda a nivel internacional e cun país africano en conflito, resultaba complicadísimo. Nicole tivo que amañarse para poder dar cos seus proxenitores e pedir-lles documentos que acreditasen a súa nacionalidade. O certo é que foi un camiño ben revirado. En cada chanzo administrativo que subía, debía convencer aos seus interlocutores de que a súa historia era real. Iso implicaba que non podía deixar atrás nin un detalle do seu relato, porque podería traducirse en que as e os funcionarios que tiña diante pensasen que o estaba a inventar.

O caso é que, xa con toda a documentación que puido xuntar, Nicole recorreu esa denegación. Unha vez máis, sumiuse nunha espera angustiada co agravante de que, nesa ocasión, estaba en situación irregular, co medo que se deriva disto. Temía cruzarse con integrantes das forzas de seguridade do Estado e que lle pedisen a documentación.

Afortunadamente e tras meses de espera, concedéronlle o estatuto de protección humanitaria. Iso deulle paz e estabilidade, e a opción de estudar e traballar. En total, pasaran máis de dous anos.

A día de hoxe, Nicole é a directora de Karibu. A súa experiencia no Congo e na vida en xeral, ensináronlle que os transos que atravesan as mulleres adoitan ser especialmente dolorosos.




A interseccionalidade está relacionada coa identidade concibida como algo múltiple. As persoas somos como prismas: temos un montón de caras e somos varias cousas á vez. Daquela, é posible ser muller, lesbiana, migrante, contar cun permiso de residencia, dispor dun título universitario, ter baixos recursos económicos, residir en Bilbao e falar español, mais non éuscaro. Isto, obviamente, xera unhas vivencias específicas, máis sinxelas que as que teñen as persoas que están en situación irregular, contan cunha formación básica e non falan ningunha lingua do Estado, pero máis complicadas ca das persoas brancas heterosexuais nadas e criadas en Euskadi. No seu caso, supón que se sumen experiencias ligadas ao machismo (por xénero), ao racismo (por raza), á lgbtqfobia (por non ser heterosexual), á xenofobia (por ser estranxeira) ou mesmo á aporofobia (por pobreza), con consecuencias no seu día a día.

A académica e profesora afroestadounidense Kimberlé Crenshaw acuñou a interseccionalidade e definiuna como «o fenómeno polo que cada individuo sofre opresión ou ostenta privilexio a raíz da súa pertenza a múltiples categorías sociais».

No continente africano, algunhas das problemáticas específicas que atopan as mulleres polo feito de selo son as violacións como arma de guerra, a trata con fins de explotación sexual, os matrimonios concertados ou a mutilación xenital feminina.

Ese é o motivo polo que, na actualidade, Karibu conta con tres pisos para mulleres e tamén ten un centro de día para as que xa son anciás, «Casa Bibi». Este último é un colectivo tremendamente invisibilizado debido a que, no imaxinario da sociedade española, as persoas que migran desde África só son homes novos. Emporiso, tamén hai mulleres maiores que, nalgúns casos, teñen dificultades idiomáticas e carecen de redes sólidas.

Pola mente de Nicole sempre asoma a posibilidade de regresar algún día á República Democrática do Congo, mais a inestabilidade continúa alí. Doutra banda, ela é consciente de que aquí resulta moi útil. Ademais do seu fantástico labor en Karibu, é unha extraordinaria oradora que dá conferencias e formacións relacionadas coa situación das mulleres en África e sobre migracións.



E de África imos para Asia, porque agora quero falarvos doutra muller marabillosa: Rosa Irasusta Ventura. Naceu hai 74 anos en San José City, Nueva Écija. Seguro que iso de Écija vos soa, e é normal, xa que hai un municipio sevillano que se chama así. Adoitan falarnos del cada verán porque aí sempre alcanzan temperaturas altísimas. Nueva Écija, en cambio, está moooooi lonxe de Andalucía. Trátase dunha rexión filipina situada a unhas catro horas da capital, Manila, e que popularmente se coñece como «a cunca de arroz» pola cantidade deste alimento que se produce alí.



A comunidade filipina ten un arraigo importante no Estado español por mor de que, o que hoxe é o seu país, foi territorio español entre os séculos XVI e XIX (1898). Nesa época, impúxose o catolicismo e elimináronse os apelidos propios da zona para substituílos por españois.

Mesmo o nome do arquipélago ten orixe español: chámase así debido a que foi en tempos do rei Filipe II cando se colonizou. Desde entón, comezaron a chegar persoas de aí á España peninsular. Era xente de clase alta que quería cursar os seus estudos superiores.

Porén, esa non foi a única vaga migratoria con destino a España: despois da II Guerra Mundial, parte da poboación fuxiu do país e viu para acá.

A partir da década dos 60, as que viñeron foron sobre todo mulleres que traballaban no fogar de empresarios españois. Con todo, moitas delas emigraron despois aos EUA, así que nos 80 chegou unha xeración que, dalgún xeito, substituíu a anterior e que tamén se dedicou ao servizo doméstico.

O século XXI supuxo a chegada de xente de Filipinas noutras condicións, grazas a que, en 2006, se asinou un acordo entre o país asiático e España para que puidese vir persoal cualificado.



Cando Rosa chegou a Barcelona, en 1980, as esixencias burocráticas á hora de viaxar non eran tan severas como agora, de modo que entrou como turista e... quedou.



FILIPINAS

A súa migración foi económica. Antes de ter que marchar do seu país, traballaba como mestra e unha muller ía á súa casa a diario para axudarlle coas tarefas domésticas e a crianza das súas dúas fillas e o seu fillo. Podía facelo porque tiña unha economía moi saneada, pero todo mudou cando o seu home quedou sen traballo. Só co seu soldo non lle daba para pagar todos os gastos da vivenda. Nin sequera podía facer fronte ao abono mensual da matrícula dos colexios.

Consonte un informe da ONG Oxfam Intermón, en España hai máis de 500.000 empregadas do fogar e unha de cada tres vive por debaixo do limiar da pobreza.

dos seus tres fillos, así que, cando unha amiga filipina, que xa vivía en Barcelona, lle comentou que precisaban unha muller para traballar como interna, non o pensou dúas veces e viu. E así foi como pasou de contar cunha empregada do fogar na súa vivenda a, tal e como ela mesma sinala, ser ela a chica filipina que limpaba nunha casa que non era a súa.

Máis alá da precariedade económica, é común que se produzan prácticas abusivas dificilmente controlables, porque non adoitan realizarse inspeccións de traballo nesta área.

Malia que a súa idea de España, antes de viaxar, era que se trataba dun país fermoso de edificios enormes e onde todo o mundo era guapo e rico, pasou a viaxe chorando. Tiña medo da incerteza e un fondo penar pola separación da súa familia. A súa filla máis pequena tiña só un ano e doíalle na alma ter que afastarse dela e dos seus dous irmáns, aínda que fose de forma provisional. Ademais, cando aterrou nesa Barcelona dos 80, con bolsas de pobreza importantes e xente que se drogaba en soportais e parques, caeu na conta de que a súa imaxe previa de Europa non tiña moito que ver coa realidade.

BARCELONA




Un artigo de 1985 do xornal El País achegaba datos moi significativos a respecto da pobreza desa época: oito millóns de españoles non atinxían a metade da renda per cápita.

Porén, axiña soubo que tampouco ía poder saír demasiado á rúa, porque a familia que a contratou non llo permitía. Tiña que facer de todo, sen parar e ao modo español.

Rosa estudara algo de español na súa terra, xa que, debido aos vínculos coloniais previos, era unha materia que se ofertaba nos plans de estudos e lémbrese a si mesma repetindo constantemente a palabra «como?». **Precisaba preguntalo todo porque descoñecía a maneira de proceder de aquí.** Malia saber cocinar, limpar e levar a cabo todas as tarefas do fogar, axiña se decatou de que eses coñecementos só lle servían en Filipinas. No Estado español, as cousas facíanse de forma moi diferente. Durante o primeiro mes, sentiuse torpe e moi insegura, agora ben, transcorrido ese tempo e após moitos «comos», puido desenvolverse á perfección.

Seguiu aprendendo español e algo de catalán lendo libros, vendo a televisión e coidando da filla da familia coa que residía. **Pasaba con ela moito tempo e non por desexo propio, senón debido á explotación laboral á que se viu sometida.** Ademais do que tiña que facer por contrato, pedíanlle que se encargase dela e que lle ensinara inglés, idioma que dominaba á perfección.



O español foi lingua oficial en Filipinas durante algo máis de 300 anos (1565-1898). O tratado de París supuxo a fin da guerra hispano-estadounidense e trouxo como consecuencia a independencia de Cuba e a entrega da illa de Guam, Filipinas e Porto Rico a Estados Unidos.

Filipinas foi territorio estadounidense desde 1901 até 1946. Nese tempo, o inglés converteuse en idioma oficial da rexión e na lingua que se ensinaba nas escolas.

Na actualidade, fálanse 170 idiomas no país, mais as únicas oficiais son o tagalo e o inglés.

Cada noite, cando, esgotada, ía durmir, pasaba horas e horas saloucando. Emporiso, a constancia de que o seu soldo era vinte veces superior ao que gañaba na súa terra, deulle forzas para continuar. Iso e as chamadas telefónicas que facía desde as cabinas. Algúns dos mariñeiros filipinos que recalaban e pasaban algún tempo no porto de Barcelona sabían como trucas para falar durante moito tempo por pouco diñeiro. Era doado localizalas, debido a que adoitaba haber unha ringleira longuíssima de filipinos e filipinas agardando a súa quenda. Cada vez que charlaba coa súa familia, a través desas cabinas, lembraba o moito que precisaban o diñeiro que ela enviaba.

As remesas son os cartos que as persoas que migran mandan aos seus parentes e persoas achegadas no seu país de orixe. Nunha entrevista que lle fixeron en 2022 ao director de Remitly, Matt Oppenheimer, este sinalaba que estes fondos poden chegar a representar até o 60 % dos ingresos do fogar. En Filipinas, as remesas supuxeron unha cantidade significativa de diñeiro en comparación co seu PIB; nada menos que o 9,7 %.



O único positivo desa etapa, máis alá do económico, é que logrou que lle fixesen os papeis e regularizar a súa situación administrativa. Nun ano, e grazas a que os trámites non resultaban tan complicados como na actualidade, xa tiña o permiso de residencia e, en tres, a nacionalidade. **Dispor dun pasaporte español deulle a seguridade necesaria para abandonar o traballo como interna.** De aí pasou a limpar en varias casas e realizou outros labores que lle daban un extra de ingresos, como bordar mantillas.

A súa idea era poder regresar ao seu país en canto aforrase abondo, mais a diferenza salarial provocou que, no canto de volver, finalmente, fose a súa familia a que viu.

Primeiro trouxo á filla maior, que tiña quince anos. Un ano despois, viñeron o seu marido, o seu fillo mediano e a súa filla pequena que, con só seis anos, foi a que menos problemas tivo para aprender catalán e español e, xa que logo, para adaptarse. Polo seu descaro, axiña fixo amizades na escola, lugar no que todo ía ben agás polos comentarios racistas e xenófobos dunha profesora que lle dixo «marcha para o teu país». As súas compañeiras de clase contáronlle o sucedido aos seus proxenitores e estes denunciaron a docente, a quen acabaron expulsando do centro polo seu comportamento xenófobo.

O seu marido, pola súa banda, incorporouse ao mercado laboral e traballou con ela cosendo bolsos e bordando mantillas.



O reencontro foi moi positivo; emporiso, o tempo afectou á súa relación. Xa non eran as mesmas persoas que se tiveron que separar anos atrás. Maduraran, medraran ou, sinxelamente, cambiaran polo que lles tocou vivir a quilómetros de distancia. Por outro lado, a vida no Estado español non tiña nada que ver coa de Filipinas. Alí dispuñan de tempo para facer plans en familia; aquí, en cambio, tanto ela como o seu home pasaban o día traballando e case non vían nin ás súas dúas fillas nin ao seu fillo, agás en datas sinaladas.

Rosa cre que, quizais por iso, os seus fillos maiores acabaron procurando unha familia fóra e casaron axiña.



Nos 80 era relativamente común entre a burguesía das grandes cidades españolas que contasen con persoal doméstico filipino, así que viu unha xornalista do país asiático para facer unha reportaxe sobre o tema e narrar cal era a situación da diáspora filipina. A raíz de ler os diferentes testemuños, a comunidade residente en Cataluña, que estaba algo desmembrada, foise coñecendo máis. Contactaron uns cos outros, charlaron, decatáronse de que as súas vivencias e reclamos eran similares e entenderon que para poder soportar mellor a morriña e conseguir cambios e melloras sería mellor xuntarse. Inicialmente, as xuntanzas que tiñan eran sobre todo lúdicas, unha escapatoria da súa cotiandade dura e extenuante; porén, pouco a pouco fóronse creando asociacións con outros fins.



A palabra diáspora provén de «dispersión», que é o que pasa cando persoas, animais ou obxectos se separan e se espáren en diferentes direccións. Así as cousas, o concepto de diáspora alude aos grupos de xente que abandonan o seu lugar de orixe para establecerse en calquera outro lugar do planeta.



Nalgunhas das definicións sinalan que para falar de diáspora é importante que aínda haxa algún tipo de relación co sitio do que partiron, xa sexa cultural, gastronómica, lingüística, relixiosa...

Ao principio, o termo usábase só para o pobo xudeu, que tivo que abandonar Israel no séc. VI a. de C., pero na actualidade é aplicable a calquera comunidade.



A consecuencia disto, en 1986, Rosa entrou como voluntaria no Centro Filipino. Botaba de menos a docencia e decatárase de que aquí, a infancia orixinaria do seu país non falaba as linguas de Filipinas e a súa educación era máis laxa. Na súa opinión, as crianzas do fogar respondían aos seus maiores e eran menos respectuosas coas persoas adultas. Compreendeu que, colaborando como profesora de tagalo, inglés e cultura filipina, podía ser moi útil á súa comunidade. Desde entón, e malia o cansazo derivado do traballo e a crianza, non deixou de prestar o seu apoio sen recibir diñeiro a cambio até o punto de que hoxe, aos seus 74 anos, é a presidenta da organización. E non sorprende. Ten un carácter solícito e forte. Di que non é unha muller migrante disposta a aturalo todo, así que, cando trataron de aproveitarse dela ou lle berraron «chinesa» pola rúa de forma despectiva, como é moi reivindicativa, sempre respondeu.

Durante a pandemia da COVID-19, a sinofobia ou xenofobia específica cara ás comunidades chinesas aumentou moito, xa que unha parte da poboación mundial culpounas do sucedido. Así e todo, non só as persoas chinesas o padeceron; estendeuse a xente doutros países asiáticos.

No centro, ademais de formación, xestiónase unha bolsa de emprego, faise acompañamento en hospitais a quen padece algunha enfermidade e non ten aquí os seus seres queridos, e prestan asistencia xurídica. Ademais, apoian á xente recién chegada que está desorientada e descoñece os recursos existentes. É un xeito de vertebrar e esixir o cumprimento dos dereitos dunha comunidade moi presente desde hai décadas, pero, para a maioría da poboación, invisible.



Rosa xubilouse en 2013. Con todo, de cando en vez, vende comida típica filipina na rúa, porque a pensión non abonda e ten que mandar diñeiro á familia que lle queda en Filipinas: as súas irmás, curmás etc.

Quen a coñece chámala con cariño Tita Rosa, polo moito que axudou á súa xente, tanto no seu país como en Barcelona, e o certo é que quereda seguir facéndoo, mais ser traballadora de limpeza deixou pegada no seu corpo. Ten as costas, os xeonllos e os pulsos esnaquizados após anos machucándoas e tiveron que operala en numerosas ocasións.



Xa non pensa en regresar á súa terra, xa que, agás a súa filla maior e os netos de Rosa que tivo aí, toda a súa familia directa, incluíndo netos, netas e a súa primeira bisneta, están en Barcelona. Ademais, o Centro Filipino e todo o que pode facer desde aí chámalle moito. Sabe que se marchase, botaríana moito de menos.




Máis da metade (56 %) das persoas nadas fóra de España que residen aquí levan máis de 10 anos no país. Iso evidencia o arraigo de boa parte da poboación migrante. Está ben ter esta información presente para deixar de pensar nelas como persoas eternamente recién chegadas ou como hóspedes a quen se agasalla e axuda. A estas alturas resulta fundamental velas como o que son: veciñas e veciños que aportan e contribúen nas sociedades que habitan.

Podería falarvos de máis mulleres migrantes... mais penso que chegou o momento de despoxarme deste traxe de ninot e contar a miña historia. A estas alturas, diría que quedou claro que as persoas que migramos non somos só un corpo baleiro ou un conxunto de estereotipos que non se axusta á realidade e tamén que cada quen ten un porqué. **O meu está relacionado coa pobreza; porén, todos os motivos son válidos.** Á fin e ao cabo, os seres humanos teñen raíces, si, pero son simbólicas, non como as das plantas, así que non nos impiden movernos e non temos por que permanecer no país no que nacemos.



O artigo 13 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos establece que toda persoa ten dereito a circular libremente e a elixir a súa residencia no territorio dun Estado, e toda persoa ten dereito a saír de calquera país, mesmo do propio, e a regresar.

O meu nome completo é Marjorie Paola Hurtado Villalá. Teño 39 años e son da República de Ecuador, que recibe ese nome porque a liña imaxinaria que separa o hemisferio norte do sur pasa por aí. **Iso provoca que, agás nas zonas de montaña, nunca faga frío e que recibamos máis luz do sol directa.** Por iso, a nosa terra é fértil e facilmente cultivable. Eu nacín en Guayaquil e medrei na provincia de Esmeraldas, unha zona na que a maior parte dos seus habitantes son afrodescendentes.



Segundo as declaracións de Santiago e de Durban das Nacións Unidas, afrodescendentes son as persoas de orixe africana que naceron en América e cuxos devanceiros foron levados desde o continente africano como consecuencia da escravitude transatlántica. Ultimamente, esa definición tamén inclúe a quen, nacendo en calquera outro sitio, ten ascendencia africana negra.



Malia a riqueza da contorna, o 51 % dos habitantes de Esmeraldas vive en situación de pobreza e o meu caso non foi diferente. A miña familia carecía de recursos e iso trouxo como consecuencia que tivésemos que residir na casa doutros parentes. Imaxinádelo? Cada certo tempo, tiñamos que recoller as nosas escasas pertenzas e ir dun sitio a outro sabendo que, nalgún momento, máis tarde ou máis cedo, nos tocaría volver marchar. Precisamente por esa sensación de provisionalidade permanente, aínda lembro a nosa primeira vivenda propia: estaba feita de bambú, un material moi barato, e erguérona nun soar da miña avoa.


Con todo, a precariedade seguiu sendo unha constante nas nosas vidas. Tanto é así, que a roupa que levábamos era de segunda man e comprada en feiras, despois de buscar e rebuscar, para que fose da nosa talla e nos quedase medianamente ben. Así mesmo, os meus zapatos, que por suposto tamén eran usados, ás veces eran de tallas dispares porque eran os únicos que a miña nai podía pagar. Como xa suporedes, non era demasiado cómodo camiñar con eles. Ou sobrava espazo do lado esquerdo ou faltaba do dereito, ou viceversa.

Cansada de ter os petos baleiros, de non saber se podería encher o prato de comida e de andar todo o día preocupada por como pagaría as subministracións, a miña nai optou por emigrar ao Estado español. A súa vontade inicial era que eu, que daquela tiña 16 anos e sempre sacara moi boas notas, puidese estudar aquí, xa que as titulacións europeas contan con máis prestixio.



O prestixio das universidades e o seu posicionamento nos ránkings internacionais depende de varios factores: a reputación en función dos académicos, dos empregadores da xente que se formou nos centros, do ratio de profesorado-alumnado, das citas producidas polo persoal dedicado á investigación e da proporción de visitantes internacionais, en calidade quer de docentes, quer de estudantes.

Obviamente, para que todo o anterior teña unha porcentaxe elevada, os centros educativos deben contar cuns fondos dos que certos países non dispoñen. Así as cousas, quen o pode permitir acaba formándose fóra ou en centros privados, agrandando a fenda de desigualdade entre a poboación estudantil.



A súa decisión tiña sentido; eu era toda unha chapona. Mesmo estaba no cadro de honra académico e xa comezara a estudar Análise de sistemas informáticos na Universidade Politécnica de alá. De modo que, un ano despois da súa partida, envioume un billete de avión para que eu tamén puidese vir a España.

Emporiso, ela non me avisara de que en Europa a pobreza tamén existe. A realidade foi como unha labazada e os meus inicios foron durísimos. Miña nai e máis eu compartíamos un piso de 40 m2 cun montón de xente descoñecida. Só no noso cuarto durmíamos 6 persoas e na nosa cama tres: miña nai, unha amiga dela e eu. Por momentos, cheguei a sentir que a nosa situación era mesmo peor que a que tiñamos en Ecuador.

As persoas que veñen de Ecuador conforman a comunidade americana máis numerosa do Estado español. Desde finais dos 90, un importante número de cidadás e cidadáns do meu país viu aquí por mor da apremante crise económica que o asolaba. Miña nai e eu somos un exemplo disto. Formamos parte da terceira comunidade migrante con máis integrantes de España, con algo máis de 400.000 persoas, aínda que unha porcentaxe moi significativa regresou á nosa terra coincidindo coa crise española de 2008.

Aos poucos, o meu obxectivo de continuar a carreira en Madrid foise afastando. Malia ser certo que, como ecuatoriana, falo o mesmo idioma, a realidade é que hai moitos elementos da cultura de aquí que non se parecen en nada aos da miña. Teñen que ver coa forma de expresarse, a xestualidade, a comida, o xeito de nos divertir, bailar ou pensar. Por se isto non abondar, descoñecía os recursos que existían e os obstáculos administrativos eran enormes. Así foi como pasei de soñar a limitarme a sobrevivir. Estiven nese modo máis dun lustro por estar en situación irregular. Poñédevos na miña pel, foron cinco longos anos con medo a que a policía fixese unha das súas identificacións por perfil racial e me tocase, a non atopar traballo ou á explotación laboral, porque, sen papeis, careces de dereitos.



As identificacións por perfil racial son unha práctica que levan a cabo as forzas de seguridade do Estado. Paran, co fin de pedir a documentación, a persoas non-brancas, aínda que non cometeran ningún acto susceptible de considerarse sospeitoso ou desapropiado. A Asociación Pro Dereitos Humanos de Andalucía, canda a Universidade de Granada, fixeron un estudo na estación de autobuses da cidade e determinaron que a policía paraba 40 veces máis a homes negros que a varóns brancos.

Nun informe titulado «Identificacións policiais por perfil racial. Estudo criminolóxico sobre as experiencias de identificación en España en 2020-2021» sumaron ao anterior datos relativos ao xénero e a idade. E estas foron algunhas das súas conclusións: en boa parte dos casos, o 72,5 %, as persoas identificadas tiñan trazos non-caucásicos e a maioría, o 78,7 %, tiñan nacionalidade española.

Os homes representaban o 81,3 % da poboación identificada, mentres que as mulleres soamente un 18,7 %. O 84,9 % das persoas novas, de entre 18 e 29 anos, que formaron parte da mostra foron identificadas na vía pública, fronte a un 12,3 % das persoas adultas de entre 30 e 40 anos e a un 2,3 % das que tiñan máis de 50 anos.

Tiven a «sorte» de que a miña nai levaba tempo aquí e tiña algún contacto, de xeito que o meu primeiro traballo xa estaba apalabrado. Unha semana despois de chegar a Madrid, comecei a limpar a casa dunha familia podente. A miña mai acompañoume o primeiro día para amosarme o camiño, mais o segundo tocoume ir a min soa e... Perdinme no metro, así que cheguei tarde. **Aínda por riba, pedíronme que preparase o xantar, algo lóxico, mais o resultado horrorizounos.** Non é que eu non soubese cociñar, é que, recién chegada a España, descoñecía por completo a gastronomía nacional. O caso é que esas dúas faltas foron a causa de que me despedisen.

Á miña nai sentoulle fatal. Precisabamos o diñeiro para poder saldar a débeda que ela contraera ao mercar o meu billete de avión, polo que se esforzou moitísimo en atoparme outra cousa.

O meu segundo traballo en Madrid consistiu en vender patacas nun posto do mercado xigante que é o Rastro. **No terceiro, dediqueime a limpar portais e debín facelo ben xa que, un día, os donos da empresa me pediron que coidase dos seus fillos.** Aceptei porque non me quedaba máis remedio; porén, desde o principio notei que un dos nenos estaba algo máis alá do que consideraríamos «traveso». Facerme cargo del era un labor titánico para o que non me sentía preparada, de modo que lles dixen aos seus pais que non podería seguir realizando ese labor. A súa resposta foi máis ben unha vinganza: denunciáronme por estar en situación irregular.

Estar en situación irregular non é un delito, trátase dunha falta administrativa. Con todo, pode supor privación de liberdade, é dicir, que te pechen nun centro de internamento de estranxeiros (CIE), a esixencia do pagamento dunha multa ou a expulsión ao país de orixe ou a un terceiro.

Hai moita xente que entra de forma legal, ou sexa, cun visado, mais que despois, cando este expira, permanecen no país.

Malia que a imaxe que máis nos mostran da inmigración irregular é a das persoas que chegan en pateira, o certo é que as persoas que chegan a España dese modo representan unha porcentaxe moi inferior á das que chegan en avión de forma regular e acaban quedando.

Finalmente, e a pesar de atravesar varios transos similares de explotación laboral e maltrato, fun quen de regularizar a miña situación. Foi un traxecto longuíssimo e moi duro. Tanto é así que, o día que fun pór as impresións dactilares para facerme a miña primeira tarxeta de residencia na comisaría, informáronme de que había unha orde de busca e captura contra min pola denuncia dos meus antigos contratadores. Tocoume pasar a noite no calabozo.



Con todo, ter NIE (Número de Identificación de Estranxeiros) abriume un montón de portas. Á fin podía optar a outro tipo de empregos con algo máis de garantías. Nesa época fun camareira e, máis adiante, recepcionista. Foi daquela que renaceu en min a esperanza de poder estudar na universidade. Desenterrei o meu soño de mocidade e, case sen pensalo, somerxínme no labirinto burocrático da homologación de títulos. E chámoo labirinto porque, en certo modo, o é, cousa que provoca que demasiadas persoas se rendan antes de lograr o seu obxectivo.



En 2022, o Goberno aprobou a axilización dos trámites para as solicitudes de homologación e equivalencia de títulos estranxeiros de educación superior. O prazo máximo de resolución é de seis meses e o seu obxectivo é facilitar a mobilidade dun tipo moi concreto de persoa que migra: as universitarias. Emporiso... que sucede con quen aínda non chegou á universidade ou estudou formación profesional?

Eu, en cambio, non desistín. Agora ben, o meu percorrido resultou do máis tedioso. O único bo de que o tempo fose pasando foi que, entre tanto, cumprín 25 anos. Iso permitíume facer a proba de acceso á universidade para maiores desa idade. Aprobei e fun admitida na facultade de psicoloxía.

Botar a vista atrás servíume para pensar en todas as persoas migrantes con experiencias similares á miña que non lograron estudar. Ese foi o xermolo da creación dunha asociación: Educación contra a Discriminación. Naceu co obxectivo de difundir información e facilitar os trámites ás persoas migrantes que desexan continuar formándose, chegar á universidade ou validar os seus títulos.



Os meus labores de pescuda iniciais supuxeron abrir unha caixa de Pandora que nin sabía que existía. Descubrín que o veto para chegar á universidade non comeza após o instituto, senón mesmo antes, podería dicirse que en primaria. Xa nesa etapa son máis que evidentes a falta de referentes non-masculinos, non-brancos e non-occidentais nos libros de texto, así como os prexuízos por parte do sistema, o profesorado e os equipos de orientación escolar. Iso provoca que se vaia derivando o alumnado migrante ou de orixe migrante cara ao abandono escolar, a diversificación ou, no mellor dos casos, a formación profesional. Por iso, desde a miña asociación, favorezo a visita de persoas migrantes ou de ascendencia migrante de diferentes ámbitos laborais aos centros educativos, co obxectivo de que o profesorado amplíe a súa visión e o alumnado conte cuns referentes que o sistema educativo sempre adoita obviar. Deste xeito descubrín que, malia non ser doado chegar á universidade, si que é posible.

Fun quen de obter o grao de Psicoloxía. Precisei cinco anos, no canto de catro, debido a que, namentres, din a luz á miña primeira filla, e continúo coa miña actividade na asociación. Agora traballo como psicóloga e nas miñas terapias non faltan a perspectiva antirracista e decolonial baseada en todo o que estudei, lin e, por suposto, vivín. Oxalá os prexuízos desaparezan para que ningunha persoa sexa lida como un ninot e para que, o mesmo ca min, poida cumprir os seus soños.



É moi importante ter claro que non é o mesmo non ser racista ca ser antirracista. Ser unha persoa antirracista implica o recoñecemento da estrutura racista e estar disposta a denunciálo e desmontalo desde todos os flancos. Iso inclúe a educación, a psicoloxía ou o xornalismo, por pór algúns exemplos.



Agora xa coñecedes algo máis de min. Sabedes que parte do meu tempo o dedico a Educación contra a Discriminación e que considero fundamental mostrar referentes migrantes ao alumnado e tamén aos equipos docentes que, ás veces, poden ter nesgos. É xusto o que veño de facer: contar a historia de mulleres migrantes que están moi lonxe de ser ninots, que son puro esforzo, superación e un auténtico exemplo para a sociedade no seu conxunto por todo o que viviron e, ante todo, por todo o que fixeron e seguen a facer por outras persoas.

Espero que, no sucesivo, quen me estades a ler amplifiquedes esta mensaxe co obxectivo de que se poida escoitar moito máis alto e chegar a máis xente.

Grazas!

Miña madriña, que calor daba o traxe de ninot!

Co apoio financeiro de:



Este material foi elaborado co apoio económico do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, no marco do proxecto "Narrativas de cidadanía, palabras e imaxes que transforman para acabar a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable". O seu contido é responsabilidade exclusiva de Interred e non reflicte necesariamente a opinión do devandito Ministerio.